Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

Proceso

Xestión dos Programas de Doutoramento

Procedemento

Deseño e aprobación

Código XP01 Índice 01

Histórico de evolucións

Índice	Data	Elaboración	Principais modificacións e motivo
01	18.10.2024	Dirección da Eido Área de Calidade	Actualización do procedemento por causa de - Informe de avaliación do deseño do SGC de ACSUG 2019: revisión do órgano responsable do proceso, ámbito de aplicación. - Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na finalidade do proceso e no diagrama de fluxo -Posta ao día lexislativa e normativa -Adaptación ás *Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento* (REACU, 2023)
00	20.11.2018	Vicerreitor/a de Planificación e Sostibilidade	Creación do procedemento DE-01, *Estratexia*, no marco do programa de SGC (Fides-Audit) de doutoramento da Universidade de Vigo.

VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Comisión de Calidade da Eido	Comité de Dirección da Eido

Índice

I OBXECTO 3

II ALCANCE 3

III REFERENCIAS 3

IV DESENVOLVEMENTO 5

V ANEXOS 12

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para deseñar, verificar ou modificar, aprobar e autorizar a implantación dun programa de doutoramento.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ao ciclo de doutoramento da Universidade de Vigo, isto é, á Eido e todos os seus programas de doutoramento adscritos, así como aos servizos asociados.

O procedemento aplícase tanto a propostas de novos programas de doutoramento (proceso de verificación) como aos que realizan modificacións substanciais e non substanciais (proceso de modificación).

En particular, cando os programas sexan conxuntos (interuniversitarios)

- responsabilidade da UVigo: a Universidade é responsable, a través da CAPD, de informar e de coordinar as actividades das outras universidades participantes nas distintas fases do procedemento, así como de xestionar e aplicar o convenio de colaboración.
- responsabilidade doutras universidades (dentro ou fóra do SUG, nacionais ou estranxeiras): a Universidade é responsable, a través da comisión académica local, de informar e de participar e colaborar nas actividades que sexan necesarias consonte este procedemento e o que a universidade responsable estableza, así como de aplicar o convenio de colaboración no que especificamente lle corresponda.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación, normativa e estándares de calidade de referencia que afecta a este proceso poden atoparse na ficha do proceso.

A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC da Eido está descrita no Manual de Calidade.

III.2. Definicións

- Memoria xustificativa : documento que detalla o cumprimento dos requisitos, xerais e específicos, a fin de garantir unha oferta equilibrada, de calidade e con pertinencia para Galicia.
(Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan asa ensinanzas universitarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia)

- Memoria económica : documento que detalla os datos relativos a infraestrutura material, os recursos de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento.
(Decreto 222/2011)

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG : Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- BOE : Boletín Oficial do Estado
- CAPD : comisión académica do programa de doutoramento
- CU : Consejo de Universidades
- DOG : Diario Oficial de Galicia
- PD : programa de doutoramento
- RUCT : Rexistro de Universidades, Centros e Títulos
- SGC : Sistema de Garantía de Calidade
- SUG : Sistema Universitario de Galicia
- UAP : Unidade de Análises e Programas

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Diagrama de fluxo



B) DESEÑO DO PD: ELABORACIÓN DA MEMORIA (VERIFICACIÓNS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS)



C) APROBACIÓN DA MEMORIA (VERIFICACIÓNS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS)



D) VERIFICACIÓN / MODIFICACIÓN
(VERIFICACIÓNS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E NON SUBSTANCIAIS)



E) AUTORIZACIÓN DA IMPLANTACIÓN (VERIFICACIÓNS E MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS)



F) ANÁLISE E MELLORA

Responsables / Entradas	Dirección da Eido	Comisión de Calidade da Eido	Saídas	Precisións
340				
Resultados dos indicadores do proceso (UAP)	**350** Análise previa da información e dos resultados sobre o deseño e aprobación dos programas e presentación na Comisión de Calidade da Eido			**350-360** Esta análise realízase conxuntamente para todo o proceso de Xestión dos Programas de Doutoramento. O período estimado é no 1ª trimestre do ano natural seguinte.
Resultados de satisfacción e QSP sobre o deseño e aprobación dos programas (UAP / Área de Calidade)		**360** Análise e avaliación		
Resultados de avaliacións externas (axencias de calidade, Consejo de Universidades...)		**370** Toma de accións de mellora sobre o deseño e aprobación dos programas		**370** As accións poden orientarse a mellorar o proceso, a súa programación, os seus resultados…
Outras achegas ou fontes de información dos grupos de interese da Eido (Dirección da Eido)			**Acordos sobre a mellora do proceso Xestión dos Programas de Doutoramento** (dirección da Eido, Servizo de XE Posgrao, CAPD...)	

Comentarios

- **Etapa 20:** Elaboración e presentación da declaración de interese

A proposta xustificada formalízase mediante o emprego da declaración de interese (anexo 1).

De ser o caso, debe incluír unha proposta de composición inicial da CAPD, a información relativa aos equipos de investigación participantes no programa e á participación de estudantes de doutoramento para elaborar a memoria. A declaración contén a información básica da proposta de proxecto formativo.

No caso de modificacións non substanciais, empregarase o modelo establecido pola axencia de calidade.

Cuestións relativas a programas de doutoramento conxuntos interuniversitarios:

- A composición da CAPD e a designación da persoa coordinadora respectará os contidos do convenio de colaboración e a lexislación vixente.

- A declaración de interese presentarase en cada unha das universidades participantes. No caso de PD non responsabilidade UVigo, poderase empregar o modelo da universidade responsable, sempre que conteña a información básica requirida.

- **Etapa 60:** Aprobación e informe

O Comité de Dirección pode delegar esta responsabilidade noutras comisións propias (ex.: Comisión Permanente, Comisión de Calidade...), en función do tipo de procedemento (ex: modificacións).

- **Etapa 190:** tramitación da solicitude de informe previo de envío a verificación / modificación substancial do programa.

A documentación que debe acompañar a solicitude é a seguinte:

-Memoria xustificativa

- Memoria económica

- Certificación do acordo do Consello de Goberno,

- Certificación do informe favorable do Consello Social,

- Memoria de verificación / modificación

- No caso de titulacións conxuntas, copia asinada do convenio

- No caso de convenios con universidades estranxeiras, certificación do carácter oficial do título expedida pola autoridade competente ou pola entidade acreditadora.

-Outra documentación que legal ou normativamente se estableza.

De non estar formalizado o convenio no momento de presentar a solicitude, deberá achegarse un documento no que conste a vontade de colaboración entres as universidades participantes e a universidade solicitante do informe.

V ANEXOS

Anexo 1: Declaración de interese para PD.

Anexo 2: Memoria de verificación

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano / posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 - XP01	Declaración de interese ou solicitude de modificación non substancial	Electrónico	Aplicación ou repositorio informático	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	Vixencia do PD (6 anos mínimo)
R2 – XP01	Informe da Eido sobre a declaración				
R3 – XP01	Acordo de Consello de Goberno sobre a declaración				
R4 – XP01	Informe da Eido sobre a proposta definitiva da memoria do PD				
R5 – XP01	Acordo de Consello de Goberno sobre a proposta definitiva memoria do PD				
R6 – XP01	Informe do Consello Social sobre a implantación do PD				
R7 – XP01	Informe previo de envío a verificación / modificación da Xunta				

R8 – XP01	Autorización da implantación da titulación da CA (DO da Xunta ou CA competente)				
R9 – XP01	Acordo do Consello de Ministros no que se declara o carácter oficial da titulación e o rexistro no RUCT (BOE)				
R10 - XP01 (EPD1 ACSUG)	Memoria de verificación / modificación do programa (versión final)				
R11 – XP01	Memoria xustificativa dos requisitos				
R12 – XP01	Memoria económica				
R13 – XP01	Informe provisional de verificación / modificación				
R14 – XP01	Alegacións e plan de mellora, de ser o caso, ao informe provisional				
R15 - XP01 (EPD2 ACSUG)	Informe final de verificación / modificación do programa				
R14 – XP01	Resolución de verificación / modificación do CU				

Nota: Os convenios de colaboración en vigor –evidencia EPD8 da Guía de seguimento e acreditación dos títulos oficiais de doutoramento da ACSUG- están dispoñibles no repositorio institucional da Universidade de Vigo.